



***RESOLUCIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE REGULA A CONVOCATORIA E SELECCIÓN DE CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA GALIMIENS DE INTERCAMBIO DE ALUMNADO DE CENTROS EDUCATIVOS E GALICIA E DA RÉGION ACADÉMIQUE HAUTS-DE-FRANCE DURANTE O CURSO 2022/2023.***

As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación dos distintos Estados membros da Unión Europea, ao considerar a competencia en linguas estranxeiras como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

A necesidade de mobilidade laboral e de acceso á información, así como a importancia da tolerancia e da comprensión mutuas, fan das capacidades reais de comunicarse sen fronteiras lingüísticas un elemento indispensable da formación de toda a cidadanía. A experiencia demostra que a estadia nos países dos que se estuda a lingua constitúe un medio moi eficaz de progreso na adquisición desa lingua e da súa cultura.

A nova liña de actuación para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, *EDUlingüe2030*, de acordo coas súas *Liñas estratéxicas 2 e 8*, contempla a internacionalización do sistema educativo galego creando un novo marco de traballo a partir das relacións internacionais que impliquen a mobilidade de alumnado e profesorado e a observación de boas prácticas do persoal docente, apostando por unha educación intercultural, multilingüe e cosmopolita, sostible e acorde co mundo actual.

Tendo en conta que Galicia e Amiens son rexións de Estados membros da Unión Europea, o enorme interese que o ensino da lingua, a literatura e a cultura, tanto galegas como españolas, suscitan na *Région Académique Hauts-de-France*, así como a afección pola lingua e a cultura francesas no sistema educativo da nosa Comunidade, esta Consellería quere reforzar os lazos de unión entre as dúas rexións e afondar no estudo das linguas e as culturas respectivas co fin de consolidar proxectos intercambio e asociacións entre centros escolares de ambas as dúas rexións.

Polo anteriormente exposto, esta Dirección xeral

RESOLVE

**Primeira-. *Obxecto e ámbito de aplicación***

A presente resolución ten por obxecto a convocatoria e selección de dez centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar durante o curso 2022/2023 no





programa de intercambio de alumnado *GALIMIENS* con alumnado de centros educativos franceses da *Région Académique Hauts-de-France* coa finalidade de potenciar a aprendizaxe activa da lingua francesa do nosos alumnos e alumnas e mellorar a súa competencia lingüística.

### **Segunda-. *Ámbito temporal***

O programa de intercambio de alumnado de centros educativos públicos franceses e galegos desenvolverase durante o curso 2022/2023.

### **Terceira-. *Características do programa de intercambio***

*GALIMIENS* pretende mellorar a competencia lingüística en lingua francesa do alumnado e profesorado, así como o seu coñecemento sobre a cultura do país veciño, e favorecer vínculos de unión entre Galicia e a *Région Académique Hauts-de-France* co fin de desenvolver estratexias de colaboración nos ámbitos da educación e da cultura.

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, realizará a selección de centros participantes.
2. O profesor ou profesora acompañante asistirá ás clases que lle sexan asignadas polo centro educativo francés e realizará observación de boas prácticas do persoal docente.

### **Cuarta-. *Perfil do alumnado participante***

1. Poderá participar no programa de intercambio o alumnado de centros públicos galegos que, durante o curso académico 2022-2023, estea matriculado en 3º ou 4º de ESO e curse Francés como Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.
2. No programa participará un máximo de dez centros educativos galegos. Cada centro escolar seleccionará un número máximo de dez alumnos/as candidatos de entre os niveis de 3º e 4º de ESO.
3. Excepcionalmente, tendo en conta as características do centro educativo, a Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá autorizar un número de alumnado inferior a dez.

### **Quinta-. *Compromisos dos centros educativos***

1. Os centros participantes, a través das persoas coordinadoras do programa, serán responsables da actividade de intercambio, tanto no aspecto organizativo como educativo, durante a estancia do alumnado francés en Galicia e a do alumnado galego en Francia. As datas das mobilidades do alumnado a Francia e a Galicia serán concretadas polas persoas coordinadoras de cada centro.





2. Cada centro participante no programa ocuparase da selección do alumnado candidato e solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos e participación no programa, así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Do proceso de selección do alumnado levantarase acta, que será asinada pola persoa directora e o/a secretario/a do centro educativo.

3. A participación no programa de intercambio deberá ser presentada ante o Claustro de profesores e profesoras e aprobada polo Consello Escolar. A participación, planificación e avaliación deste programa recollerase na Programación Xeral Anual.

4. O intercambio será coordinado por un profesor ou profesora do centro, prioritariamente do Departamento de Francés, que será a persoa responsable do seu desenvolvemento e seguimento, así como a interlocutora directa coas familias e co alumnado participante.

5. O centro galego que solicite o programa *GALIMIENS* para o seu alumnado deberá responsabilizarse de acoller e recibir o alumnado francés no seu centro, dispoñendo as medidas necesarias para que se integre nas aulas durante a duración do intercambio en Galicia.

6. O centro galego solicitante comprométese a facilitar a escolaridade do alumnado participante e a contribuír a que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa. Neste sentido, deberá planificar as actividades docentes para facilitar ao alumnado participante o correcto desenvolvemento do seu proceso de ensino-aprendizaxe e avaliación, tanto durante as actividades como na súa preparación e ao seu regreso.

7. Os centros educativos ocuparanse de organizar o transporte do alumnado ao outro país e deberán subscribir unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumno/a participante mentres estea no país de acollida.

#### **Sexta-. *Compromisos das familias e do alumnado participantes.***

1. En virtude do réxime de reciprocidade, a familia do alumnado participante comprométese a recibir na súa casa o alumno/a francés, de maneira que non supoña gasto algún o aloxamento e manutención do alumnado nin a asistencia ao centro educativo no estranxeiro.

2. O alumnado participante deberá cumprir coas características do programa e, salvo causa de forza maior debidamente xustificada, non poderá abandonar o programa unha vez que o comezara.

3. Durante a súa estada en Francia, o alumnado galego participante no intercambio deberá asistir ás clases no lycée ou collège que lle fose asignado pola Région Académique Hauts-de-France e observar as normas de organización e funcionamento do centro educativo francés.





4. No caso de que un alumno/a mostrase condutas graves de indisciplina, ou se tivera que abandonar a actividade por causas non imputables á administración educativa, a familia do alumno/a deberá correr cos gastos que se deriven desta circunstancia.

5. As familias asumirán o custo do transporte do alumnado que a dotación económica prevista na cláusula sétima desta resolución non acade sufragar, así como o diñeiro de peto mentres os participantes se atopen no país de acollida.

6. A organización e o custo do transporte do alumnado do domicilio aos centros educativos correrá a cargo das familias de acollida nos dous países.

7. Ademais da documentación de viaxe ordinaria (Pasaporte ou Documento Nacional de Identidade), as familias deberán facilitar ao centro e á persoa coordinadora unha autorización expresa dos pais, nais ou titores legais do alumno/a estendida nas dependencias da Garda Civil conforme autorizan a saída do/a menor ao estranxeiro.

8. No caso de que non poida ter acceso á tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE), as familias deberán subscribir unha póliza de asistencia médica para o alumnado mentres estea no país de acollida.

#### **Sétima-. Dotación económica**

1. O financiamento das achegas máximas para o programa de intercambio en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.30.423<sup>a</sup>.229 por un importe máximo de 40 000 €.

2. Cada centro recibirá a cantidade de 300 € por alumno/a participante no intercambio, en concepto de gastos de xestión e desenvolvemento da actividade, e a cantidade de 1000 € por profesor/a coordinador/a do mesmo. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 4000 €.

3. O importe concedido a cada centro deberá ser destinado a sufragar gastos de transporte, aloxamento e seguro de viaxe e deberán ser debidamente xustificadas e imputables á participación neste programa. En ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.

4. Os gastos derivados do intercambio deberán realizarse no curso 2022/2023 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

5. A non entrega da xustificación de gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.





### **Oitava-. Solicitudes e prazo de presentación.**

1. Os centros educativos interesados en participar no programa de intercambio presentarán unha solicitude que dirixida á Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico nin un modelo electrónico normalizado (código PR004A) que deberá identificarse co nome do programa: *GALIMIENS*. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Esta solicitude deberá ir acompañada polos Anexos que se indican a continuación:

- Anexo II: autobaremación.
- Anexo III: proxecto pedagóxico.

3. O prazo de presentación de solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> e rematará o 26 de setembro de 2022.

### **Novena-. Procedemento de valoración das solicitudes.**

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, ou persoa en quen delegue, e integrada polas persoa titular do Servizo de Innovación e Formación de Recursos Humanos, así como por dous asesores ou asesoras técnicas da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, un dos cales realizará as funcións de secretaria.

2. A comisión de selección realizará unha selección dos centros solicitantes conforme aos criterios que figuran no Anexo II. En caso de producirse un empate, terá preferencia o centro que teña maior puntuación no apartado 6 do Anexo II.

### **Décima-. Resolución provisional**

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisoria no portal educativo desta Consellería <http://www.edu.xunta.gal/portal> dos centros beneficiarios do programa de intercambio.

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.





### **Décimo primeira-. *Resolución definitiva***

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e deseguido elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

2. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

### **Décimo segunda-. *Xustificación da actividade.***

1. Rematado o proxecto de intercambio, ao longo do mes de xuño de 2023, os centros participantes deberán presentar ante a Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa unha memoria da actividade, segundo segundo as instrucións que estableza esta Secretaría.

2. As facturas correspondentes aos gastos derivados do intercambio serán custodiadas nos centros educativos e poderán ser solicitadas pola Administración.

### **Décimo terceira-. *Certificación de participación do profesorado.***

Unha vez rematado o intercambio e entregados os documentos, o profesorado coordinador do programa recibirá un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

### **Décimo cuarta-. *Datos de carácter persoal.***

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a





actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo quinta-. *Entrada en vigor.***

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

